

VILALBA

**Hai espazos que semellan prender sen causa nun baleiro,
semellan estar parados, semellan deter o tempo
e permiten describir os ocos, tan enormes, que cada un leva dentro.**

Un a un, coma segundos; un a un, pétalo a pétalo.

**E compoñen a paisaxe en movemento,
a atmosfera conxelada, como unha cámara lenta
que remite lentamente cada un dos seus recendos.**

**Hai espazos que se apropian
da evocación sonora na que eu quedo,
ancorado nese instante que é perfecto
e que esperta as suaves notas dun violín rompendo
na brétema dos aconteceres montados nas ás do vento
nunha nube suspendida debaixo dos altos ceos.**

**Hai espazos que obrigan ao meu sosego.
Que me abrigan a observar, detidamente,
a ver como pasa o tempo:
tictac, ...nas agullas dun silencio**

Vilalba, silandeira luz
que abres nos grises o vigor estimulado dun anxeio
e reloces no amencer esperanzado
ao darlle a man, no horizonte,
a todo un sol acendido tras da brisa dos orballos
Vilalba

é a túa luz quen pon as ansias na alborada
nun suspiro de alento e desalento
que recorre o ceo todo sobre a Chaira
coa enerxía confiada no salouco, nun desexo
que convirta as promesas en seguranzas
e o vivir nesa espera confiada do destino,
nesa espera do destino confiada.

Vilalba
desvalida nun desmaio de dúbidas te lembro
axuntada aos esforzos e á bravura
con traballo e con destreza, con desvelo
para ver como se cumpren as demandas dun porvir,
para ver como a ti vou, e mais non chego!

**Meu berce, Vilalba,
señora da Chaira.
Outeando ao lonxe
por veces nos canta
unha canción leda
que semella anaina
e por outras veces
silandeira cala!**

Vilalba,
sonoro silencio que me advirte
da orixe, como unha luz tenue e permanente,
no límite preciso da vista dos meus ollos
que aínda evocan a cada intre a miña infancia toda
na retina das imaxes, gravadas nunha anaina de acordos arrogantes,
desde os preceptos afectivos da tenrura en desacougo.
Son impulsos involuntarios
daquel tempo de amar e ser amados, sen esperar nada a cambio.
Vou e veño silandeiro
e reparo en escoitar a túa voz cando latexa grave,
pegada ao meu corazón coma as augas do meu río.
Na reserva do silencio atendo suspendido
o difícil debullar de instantes, transeúnte
-unha outra vez- das pegadas sobre pasos xa andados,
escondidos baixo as follas de tanto outono,
na invisible partitura que interpreta as nosas vidas
vapotizadas en néboas brancas
e que agora se fan fume no excitado tarabelo dos recantos.

Así vou
e veño de novo no camiño
cando xorde só un ai salocado e inconsciente
polo que un pasa soñando, coidando ser o brillo dunha estrela
que aluma enormemente polo eidos siderais dun mar celeste
no que a luz é imposible que nos cegue.
Ensumido naquel mundo de delirios,
calado, silente e mudo, vou en segredo,
perdido nese ar que pendura atoldando o meu maxín.
E hoxe recollo en palabras as túas suaves sentencias
que son conforto e alivio do teu sonoro silencio.
E vou de vagar, ansioso de ver de novo as hedras que a ti me atan.

Vilalba, vila branca e alta.

Matria do corazón, da xenerosa extensión
tan grande, longa e calada.

Vilalba,

luz de murchas e alongadas tardes daqueles outonos xa longos
que se suspenden nun solpor entre grises de pastel, polo o horizonte
xa no confín supremo da Serra da Loba ou do Xistral,
e a da Carba cos Montes do Cadramón
que aínda demoran o vento Norte en noites frías,
para estenderse en nós mesmos
coas nosas cavilacións cando acenden esperanzadas
ponderando as coordenadas que pretenden ilusións. Só ilusións.

Vilalba, voz que latexa e palpita

pegada ao meu corazón, nome da vila de alcuño chairego
que entre vedraños atrapa,

nun instante, o agasallo máis grande: ser a capital da Chaira
e nos alenta os anceios nas lúas da antigüidade.

E son luas douradas que van reflectindo ledas
as memorias, aquelas as máis distantes de outrora,
para mirarnos á cara nas tardiñas do verán,
cando arden cheas de luz nas meniñas dos teus ollos
e recollen o esplendor das sombras primeiras da noite,
nun rumor acalado entre limpas alboradas,
facendo do solpor sosego de empardecidos misterios
que chamarán propagando reflexos de cores longas e brandas.

Vilalba, trisílaba voz antiga,

resoas limpa e agradable coma o murmurio do Miño,
manancial na mesma fonte que botara unicamente auga moi limpa.

Vilalba,
baleira soidade que me enche de consolos,
clandestina escuridade da tenue luz, que pola tarde,
cando á raiola, xunta na amizade as xentes solidarias.
Abstraído neses recendos
me transporto correndo espazos e tempos,
polas estradas dos soños,
levado de pensamentos nos que me agocho deixado,
alleado de algaradas, de ruídos e de présas,
neste bulir impaciente
que aventá pola atmosfera ánimos vigorosos.
E, no avesío entre as sombras,
serás a aberta bufarda que descubre toda a terra,
...es da Terra Chá “Señora”!.
E así miro, ao traveso dos cristais,
moi cara a dentro, no orgullo da túa harmonía
que é onde asentan serás e pousan quentando o chan.
Solemne solaina da nosa Matria,
...Vilalba!

Vilalba,
nese teu ceo gris da lonxitude grande e basta
proxectas dentro de nós como unha forma de ser,
un signo indescribible que procede da sublime inclinación
que fai que os raios de sol entren en nós ás entrañas,
e alí atopen espidas na nosa cerna, na alma,
...un crisol de lume quedo que con forza seca as nubes
que cobren de néboa os ollos,
belidas que tras da mirada non nos permiten nin ver
por onde voa a andoriña, a laverca e o carrizo,
o estorniño e o merlo, a píllara e o malvís.

Vilalba, ...antónimo de tristeza,
es un crisol das nostalgias que aliviaran os desvelos
realzando señañades cando nos pintan ausencias,
cando refrescan as sedes, cando as imaxes se aveñen
ás covas fondas dos ollos e na emoción humedecen
os excesos dun desterro que pon a terra por medio
e, ao final, sempre separa. Vilalba!

Teus son amenceres ledos dos que gardo na memoria.
Os que asoman destruindo as tebras dos meus medos
pendurados, transparentes, feitos bágoas
que asolagan esa aldraxe de brillos
enganados entre os eidos, sempre atentos, dunha dor
que tinguiría no escuro os desafíos estreitos
nos que eu pensaba de neno
entre o verdor da paisaxe coas pupilas nun abraio
e me asedian, aínda hoxe, na lembranza.

Vilalba,
chave da xenerosa extensión
ao coidado exacto dun ollar humano
sobre da terra, e desde o alto cando observa as serras
que atravesan vagamente,
pola longa planicie, con aqueles misterios densos,
que de sublimes nos erguen
ata o profundo celme da existencia,
xusto alí onde somos cinsa e algodón.
Por iso es o meu miradoiro cego
no que espreguizan feiticeiras as pinceladas loiras
que te amosan como un cadro,
como aroma en propiedade que nos dá un camiño
para andar de vagar
e que, de paso, nos leva.
É o teu sonoro silencio, Vilalba,
quen nos chama desde o lonxe, desde os ecos da distancia.
Vilalba, sonoro silencio que me anaina
coma nunha paisaxe bíblica onde pousan as promesas
baixo un teito innumerable, extenso e gris,
que me evoca a luz da alba
e se nos perde entre os ollos como un ermo ignorado
no que un se traga as bágoas.
Nos teus sonoros silencios, Vilalba,
aínda ecoan primorosas poesías
e as palabras aceiradas de escritoras e poetas,
de cantores que entoaban con tal forza irradiadora,
melodías cadenciosas, que no mesmo ar soaban.

Melodías acendidas por faíscas da esperanza
e ían enchendo os campos de cores, flores e ansias,
neste falar chairego, lírico e cheo de “gracias”.
Se eu puidera coleccionar os teus sons
podería recrearme na póla que acanea, na leve brisa
do solpor que me asombra,
no rumor dese río que aínda alenta as ás do rodicio
e entoa un rumor solermeño,
cargando de gran as huchas e de futuro o porvir.

Se eu puidera coleccionar
os teus sons, gravaría cauteloso os amenceres
cando espertan aos silencios estrelados diante os ollos.
Se eu puidera gravar,
gardaría as nubes entornadas sobre ceos
con un coitelo de vidro
luminoso, que proxectara os seus raios
entre as regañas das fiestras, ...no meu cuarto.
Para me encher as entrañas.

Mais se amosa estremecida, aguzada e afiada,
cando sabemos de certo que a súa presenza falta.
Espero, algún día, tornar de novo á terra, ao seu colo.
Tocar a terra mesma
e para sempre tomar dela a súa lentura.
Facer nela a miña cama.